



CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DA CORUÑA. ANO 2024

1.- NORMATIVA APLICABLE

1.1. De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante, LXS), e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (Real decreto 887/2006 e Decreto 11/2009), convócanse bolsas para deportistas individuais do Concello da Coruña durante o ano 2024 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024).

1.2. A presente convocatoria rexerese polas bases reguladoras e polas normas contidas na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 11 de abril de 2005 e publicado o texto íntegro no *Boletín Oficial da Provincia* o 25 de abril de 2005.

1.3. Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2024.

1.4. Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa á dita actividade e establecer as obrigas do bo goberno, resúltalle de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Instrución de transparencia do Concello da Coruña, do 9 de marzo de 2016.

1.5. As bases estarán ao dispor das persoas interesadas na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal>, e na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>.

2.- OBXECTO

O Concello da Coruña, dentro das súas competencias de promoción do deporte e consciente das dificultades que teñen moitas e moitos deportistas individuais para poderen adestrar e competir polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamentos, etc., considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas individuais que teñan o carácter de bolsas.

En concreto, estas bolsas convócanse para apoiar deportistas individuais coruñesas e coruñeses, como medio para promover o deporte do municipio e, desta forma, conseguir logros deportivos para a cidade da Coruña.

Con estas bolsas preténdese axudar á práctica e ao rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e á obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en competicións deportivas de alto nivel.

Establécense, por tanto, as bases reguladoras das bolsas para a mellora e o perfeccionamento de deportistas empadroadas e empadroados no Concello da Coruña que destaquen na participación de competicións oficiais de carácter individual nas distintas modalidades deportivas durante o ano 2024.



Estas bolsas son compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

3.- PERSOAS BENEFICIARIAS

3.1. Poderá ser beneficiaria destas bolsas a persoa física de nacionalidade española que sexa deportista federada de calquera categoría exclusivamente **na modalidade de deporte individual** e que cumpra cos seguintes requisitos:

- Ter unha idade mínima de 10 anos e máxima de 40 anos, cumpridos no último día do prazo para presentar as solicitudes.
- Estar empadroada no Concello da Coruña por un prazo mínimo de 2 anos, consecutivos ou non, dentro dos 5 anos anteriores ao exercicio en que se realice a solicitude.
- Demostrar arraigamento na cidade da Coruña a través dalgunha das seguintes formas:
 - Nacer na cidade da Coruña.
 - Vivir e/ou adestrar regularmente na cidade da Coruña.
 - Estar matriculada nun centro oficial de estudos na cidade da Coruña.
 - Ter un contrato de traballo nunha entidade con sede na cidade da Coruña e exercelo dentro da cidade.
 - Ter vínculos familiares até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade na cidade da Coruña.
- Estar en posesión dunha licenza federativa durante as dúas tempadas anteriores a esta convocatoria e que siga vixente para o ano 2024 expedida pola federación deportiva que corresponda.
- Pertencer a un club deportivo cuxo domicilio social radique na cidade da Coruña, agás naqueles casos que poida xustificarse que non existe na cidade unha entidade deportiva coas categorías de competición da persoa solicitante. Queda excluída a categoría *máster* ou similar.
- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, nos dous anos anteriores á solicitude e ter proxección de futuro.
- Que se atope ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello e a Seguridade Social.
- Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Non estar incurso nunha causa de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións (art. 13 da LXS).

Para os efectos desta convocatoria, considérase deporte de carácter individual todo aquel deporte que, en función da súa regulamentación, sexa practicado por un ou dous deportistas como máximo.

4.- CATEGORÍAS DE BOLSAS

As bolsas clasifícanse, para os efectos desta convocatoria, nas seguintes categorías:

4.1. Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar nos próximos Xogos Olímpicos:

Poderán optar aquelas e aqueles deportistas que estean en condicións de participar nos próximos Xogos Olímpicos, ou en probas ou torneos clasificatorios para estes, no ano 2024.



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

4.2. Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar nos próximos Xogos Paraolímpicos:

Poderán optar aquelas e aqueles deportistas que estean en condicións de participar nos próximos Xogos Paraolímpicos, ou en probas ou torneos clasificatorios para estes, no ano 2024.

4.3. Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en campionatos mundiais:

Poderán optar aquelas e aqueles deportistas que estean en condicións de participar en campionatos mundiais ou probas de mundiais clasificatorias, ou que formen parte do campionato do mundo.

4.4. Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en campionatos europeos:

Poderán optar aquelas e aqueles deportistas individuais que estean en condicións de participar en campionatos europeos, ou probas de europeos clasificatorias, ou que formen parte do campionato de Europa.

4.5. Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en campionatos nacionais de España:

Poderán optar aquelas e aqueles deportistas individuais que estean en condicións de participar en campionatos de España, ou probas nacionais clasificatorias, ou que formen parte do campionato de España.

4.6. Bolsas para deportistas con opcións de participar en campionatos autonómicos:

Poderán optar aquelas e aqueles deportistas individuais que estean en condicións de participar en campionatos ou probas clasificatorias con opcións a participar nun campionato autonómico.

5.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

5.1. O importe global das axudas obxecto da presente convocatoria é de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 52.341.48116 do Orzamento municipal de 2024.

O crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poidan conceder.

5.2. A contía establecida poderá ser incrementada por unha resolución do órgano competente, logo de que se tramite o expediente de modificación de crédito. De conformidade co disposto no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de bolsas sen necesidade dunha nova convocatoria.

6.- DISTRIBUCIÓN GLOBAL ENTRE TIPOS DE BOLSAS

6.1. O importe global distribuirase, sempre que as solicitudes presentadas o permitan, cos seguintes límites máximos:



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

- 1) Bolsas destinadas a participar nos próximos **Xogos Olímpicos**: 3 bolsas por un importe de **5.000 euros cada unha**.
- 2) Bolsas destinadas a participar nos próximos **Xogos Paraolímpicos**: 3 bolsas por un importe de **5.000 euros cada unha**.
- 3) Bolsas destinadas a participar en **campionatos do mundo**: 7 bolsas cun importe de **3.500,00 euros cada unha**.
- 4) Bolsas destinadas a participar en **campionatos de Europa**: 6 bolsas cun importe de **2.500,00 euros cada unha**.
- 5) Bolsas destinadas a participar en **campionatos de España**: 24 bolsas cun importe de **1.500,00 euros cada unha**.
- 6) Bolsas destinadas a participar en **campionatos autonómicos**: 29 bolsas cun importe de **500,00 euros cada unha**.

6.2. Non obstante ao anterior, a Administración municipal quedará facultada para modificar o número de bolsas indicadas se como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos seis grupos sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

7.- PROCEDEMENTO

7.1. O procedemento de concesión das bolsas para deportistas individuais obxecto desta convocatoria tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**.

7.2. Cada deportista poderá presentar **unha única solicitude de bolsa**, de acordo co establecido na base 6.1, e indicará de modo claro o tipo e a modalidade deportiva para a que solicita esta axuda. Por tanto, só poderá solicitarse e concederse unha única bolsa por persoa.

No caso de solicitar bolsa para unha modalidade deportiva que dispoña de diferentes especialidades ou probas, só poderá presentar solicitude para unha delas. Se incumpre este requisito e solicita bolsa deportiva para máis dunha proba, ningunha das solicitudes será valorada, co que se excluírá do procedemento á persoa solicitante.

7.3. O erro na clasificación da bolsa non dá lugar á perda do dereito a axuda. A Concellaría de Deportes pode cambiar a clasificación da bolsa cando exista un erro ou cando, de acordo coa documentación presentada, se comprobe que lle corresponde outro tipo de bolsa.

8.- ÓRGANO COMPETENTE

8.1. De acordo co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefatura do Departamento de Deportes, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da LXS.

8.2. De acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar, o órgano competente para resolver será a persoa que ocupe a Concellaría delegada de Deportes, por delegación da Xunta de Goberno Local. De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2023, publicado no BOP do 11 de xullo de 2023, correspóndelle a competencia para aprobar e resolver os expedientes de subvencións desta área ao concelleiro responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade.



9.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

9.1. As solicitudes de subvención deberán presentar obrigatoriamente no modelo oficial establecido que se achega con esta convocatoria na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal> no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*.

Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

9.2. A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

a) Solicitude que deberá cubrirse e presentarse co modelo oficial establecido que se achega con esta convocatoria.

b) Fotocopia do DNI ou NIF da ou do deportista solicitante. No caso de deportistas solicitantes menores de idade tamén é obrigatorio presentar o DNI ou NIF da ou do representante legal.

c) Certificado de empadramento actualizado na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, no que conste a antigüidade no empadramento, así como as modificacións sufridas nos últimos 5 anos.

d) Documentación acreditativa do arraigamento familiar:

- Acreditación de nacer na cidade da Coruña: mediante o certificado de nacemento ou o DNI.
- Acreditación de vivir e/ou adestrar regularmente na cidade da Coruña: facturas ou recibos de subministracións (luz, gas, auga) ou documentos equivalentes a nome da persoa deportista ou da nai ou pai, no caso de ser menor de idade, así como documentos acreditativos de asistencia a instalacións deportivas sitas no municipio da Coruña.
- Xustificante de matrícula nun centro oficial de estudos da cidade da Coruña para o curso 2023-2024, así como certificado do centro que xustifique a asistencia regular e o aproveitamento dos estudos da persoa solicitante.
- Contrato de traballo nunha entidade con sede na cidade da Coruña e xustificante de que a persoa solicitante exerce o seu desempeño laboral nun lugar de traballo situado dentro do termo municipal da Coruña.
- Acreditación de ter vínculos familiares até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade na cidade da Coruña: mediante o libro de familia ou calquera outro documento con valor equivalente.

e) Copia da licenza federativa vixente expedida pola federación deportiva correspondente que acredite a modalidade deportiva para a que solicita subvención, así como das licenzas federativas das dúas tempadas anteriores.

f) Historial deportivo obtido nas dúas últimas tempadas, con indicación da clasificación lograda en cada un dos campionatos de igual categoría para a que solicita a bolsa.

No caso de que a modalidade deportiva teña unha clasificación xeral e outra clasificación desagregada por probas, só te terá en conta a clasificación xeral.

No caso de solicitar unha bolsa para Xogos Olímpicos ou Xogos Paraolímpicos, deberán incluír as clasificacións obtidas nestes Xogos do ano 2016 e 2020, de ser o caso.

O historial deportivo debe cubrirse no Anexo I achegado con esta convocatoria.



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

g) Certificado emitido pola federación correspondente, onde se recollan os resultados deportivos obtidos nas dúas últimas tempadas.

h) Certificado acreditativo da federación deportiva correspondente no que se acredite que a persoa solicitante non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva cualificada como grave ou moi grave.

i) Proxecto deportivo para a tempada 2024, con mención expresa e obrigatoria das probas, campionatos e fases clasificatorias nos que a persoa deportista ten previsto participar durante o ano 2024. O proxecto deportivo deberá incluír ademais un plan completo de adestramentos.

O proxecto deportivo debe cubrirse no Anexo II achegado con esta convocatoria.

Só se valorará un único campionato de cada categoría, polo que non se admitirán campionatos de España por autonomías, campionatos escolares, *máster* ou similares.

Só se poderá optar á bolsa nunha única proba para a súa valoración, de conformidade co disposto na base 7.2, e dado o carácter individual ou de parellas, quedan excluídas as substitucións. A ou o deportista deberá escoller a proba á que se presenta.

Exemplos orientadores:

- Modalidade: Atletismo, Especialidade Pista Cuberta, Proba: Salto Triplo.
 - Modalidade: Natación, Especialidade: Natación, Proba: 100 libres
- Para esta clasificación terase en conta o estipulado pola Secretaria Xeral do Deporte ou, de ser o caso, polo Consello Superior de Deportes.

i) Declaración responsable das subvencións ou bolsas solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional

j) Declaración responsable de non estar incurso ou incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria a que se refire o artigo 13 da LXS.

k) Certificación dos datos bancarios da persoa beneficiaria da subvención (orixinal expedida pola entidade bancaria).

l) Compromiso de levar no seu uniforme, material e/ou equipamento deportivo o logotipo do Concello da Coruña, nun lugar visible e de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus principais patrocinadores, así como de facer constar, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, que a ou o deportista recibe unha axuda municipal e colocar o logotipo municipal facendo mención a que a persoa deportista é bolseira polo Concello da Coruña. Deberá achegar ao proxecto deportivo unha epígrafe específica na que reflicta o modo de cumprimento deste compromiso, no que se especifique o detalle con fotografías, bosquejos ou documentación gráfica específica.

Establécese a obriga da persoa deportista de remitir un vídeo realizado no lugar de competición (sede do campionato do mundo, de Europa, de España ou autonómico, ou na sede do evento clasificatorio para os Xogos Olímpicos ou Paraolímpicos) e publicalo nas redes sociais cunha ligazón ás redes sociais da Concellaría de Deportes do Concello da Coruña. No suposto de non dispoñer de redes sociais, deberá remitirse o vídeo xunto coa documentación xustificativa prevista na cláusula 17.2 da convocatoria.

No devandito vídeo deberase facer mención da competición na que está a participar e que se beneficia dunha bolsa deportiva concedida polo Concello da Coruña.



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

m) Certificado acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello da Coruña e a Seguridade Social.

Na solicitude de bolsa a persoa interesada autoriza o Concello da Coruña para consultar o cumprimento deste apartado. De non facelo, a persoa solicitante deberá achegar as certificacións acreditativas oportunas. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP), o Concello da Coruña, sempre que tecnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou a persoa representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou á obtención da documentación sinalada; neste caso, deberán presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións oportunas.

n) Os demais contemplados na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña e na LXS.

9.3. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo 1 apartado d) do artigo 53 da LPACAP, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirirille á persoa solicitante, ou a quen a represente, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire este, antes de formular a proposta de resolución.

Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de cumprimento obrigatorio e poderán ser ampliados polas persoas solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

10.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN

10.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao órgano que se indica na base 8.

10.2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

De acordo co establecido no artigo 24.3 da LXS, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta bolsa.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na base 11.

10.3. Se a solicitude de bolsa non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requiriralle á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

o fíxese se lle terá por desistida da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da LPACAP.

Conforme co disposto no artigo 45.1 da LPACAP, o requirimento individual poderá ser substituído pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e fornecerá os mesmos efectos.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderáselle requirir á persoa deportista solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

10.4. Unha vez que se valoren as solicitudes, a Mesa de Avaliación que se indica na base 13, deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

11.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA BOLSA

As solicitudes valoraranse segundo os seguintes criterios e a persoa solicitante poderá obter unha puntuación máxima de 100 puntos.

Concederáselle as bolsas ás e aos deportistas que obteñan máis puntos de entre todas as persoas solicitantes de cada categoría de bolsa.

11.1 HISTORIAL DEPORTIVO: ata un máximo de 40 puntos.

Valoraranse os resultados obtidos pola ou polo deportista individual nas dúas últimas tempadas (2022 e 2023) de acordo co historial deportivo certificado por cada unha das federacións correspondentes.

No caso de deportistas individuais que pretendan solicitar unha bolsa para participar nos próximos Xogos Olímpicos ou nos Xogos Paraolímpicos, valoraranse os méritos obtidos nos Xogos Olímpicos e nos Paraolímpicos de 2016 e 2020, así como os resultados obtidos nas probas clasificatorias dos Xogos Olímpicos e Paraolímpicos para os próximos Xogos.

Os criterios de valoración do historial deportivo son os seguintes:

HISTORIAL DEPORTIVO (Total máximo 40 puntos)		2022 XX. OO., XX. PP. 2016	2023 XX. OO., XX. PP. 2020
1. Mellor proba na que se obtivese o mellor resultado: (Medalleiro/Posto/Clasificación, só se valorará unha proba cada ano). A puntuación non será acumulativa en ningún caso. (Máximo 20 puntos)		Até 10 puntos	Até 10 puntos
Proba e data (entre 2022 e 2023) Proba e data (2016/2020)	Competición:	Data:	Data:
OURO		10	10
PRATA		7,5	7,5
BRONCE		5	5



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

Entre o 4.º e 10.º posto		2	2
Desde o 11.º posto en diante (só puntuable nas bolsas correspondentes aos XX. OO., XX. PP., mundial, europeo)		1	1
2. Obtención do resultado clasificatorio (valorarase unicamente a proba indicada na que se obtivese o mellor resultado): - Indicar a competición clasificatoria e a data, entre os anos 2022 e 2023 (máximo 15 puntos).		Até 7,5 puntos	Até 7,5 puntos
Proba e data:	Competición:	Data:	Data:
OURO		7,5	7,5
PRATA		5	5
BRONCE		4	4
Entre o 4.º e 10.º posto		2	2
Desde o 11.º posto en diante (só puntuable nas bolsas correspondentes aos XX. OO., XX. PP., mundial, europeo)		1	1
3. Ter a consideración durante a tempada de “deportista galega/o de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel”: Para valorar este apartado, é obrigatorio presentar un documento acreditativo de que a persoa deportista ten a consideración de deportista galega/o de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel (5 puntos).		<input type="checkbox"/> Si ten a consideración de deportista de alto nivel <input type="checkbox"/> Non ten a consideración de deportista de alto nivel	

11.2 PROXECTO DEPORTIVO: ata un máximo de 40 puntos

O proxecto deportivo ha de presentarse no formato achegado con esta convocatoria, identificado como **Anexo II**.

Valorarase o grao de interese do proxecto que se presenta, a proxección de futuro da ou do deportista e a súa progresión ao longo dos últimos 2 anos ou tempadas.

PROXECTO DEPORTIVO	Total máximo 40 puntos
1. Grao de interese do proxecto presentado, tanto desde o punto de vista do contido do proxecto como da relación deste coa posición da Coruña como cidade promotora do deporte e da vida saudable.	Até 15 puntos
2. Proxección de futuro da ou do deportista; para estes efectos, valorarase o plan de adestramento e o número e dimensión das competicións nas que ten previsto participar.	Até 15 puntos
3. Progresión da ou do deportista ao longo dos 2 últimos anos ou tempadas; para estes efectos teranse en conta os logros deportivos	Até 10 puntos



alcanzados ao longo dese tempo, os campionatos nos que participase e todos os indicadores reveladores desta progresión.	
---	--

Coa finalidade de unificar o formato dos proxectos presentados polo ben de garantir a maior obxectividade na avaliación, establécese a obrigatoriedade de presentar os proxectos no Anexo II desta convocatoria.

11.3 OUTROS MÉRITOS: até un máximo de 20 puntos

A Mesa de Avaliación poderá valorar outras circunstancias segundo a documentación presentada pola persoa solicitante:

OUTROS MÉRITOS	Total máximo 20 puntos
1. Práctica de deporte adaptado	5 puntos
2. Que a entidade deportiva pola que a persoa deportista compite non teña un convenio nominativo coa Concellaría de Deportes do Concello da Coruña	5 puntos
3. A concesión de bolsas deportivas doutras administracións públicas: no caso de que a ou o deportista non disfrute de ningunha outra bolsa obterá 5 puntos	5 puntos
4. A infrarrepresentación do deporte español ou galego na modalidade deportiva concreta	5 puntos

A Mesa de Avaliación deberá determinar na primeira sesión que se desenvolva que deportes se consideran infrarrepresentados no deporte español ou galego.

12. OBRIGAS DA PERSOA DEPORTISTA BENEFICIARIA DA BOLSA DEPORTIVA

12.1. A persoa bolseira, coa aceptación da bolsa, autoriza a publicación da imaxe, fotografía e datos relativos á competición nas redes sociais e medios de comunicación municipais.

12.2. Comprométese a levar no seu uniforme, material e/ou equipamento deportivo o logotipo do Concello da Coruña, nun lugar visible e de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus principais patrocinadores, así como, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, fará constar que a persoa deportista recibe unha axuda municipal e inserirá o logotipo municipal, facendo mención de que a persoa deportista é bolseira polo Concello da Coruña.

En todo o caso nos elementos publicitarios deberá adecuarse a imaxe corporativa ao manual vixente do Concello da Coruña, que poderá consultarse na seguinte páxina web:

<https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argidioma=gl>



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

12.3. Establécese a obriga da persoa deportista de remitir un vídeo realizado no lugar de competición (sede do campionato do mundo, de Europa, de España ou autonómico, así como sede de evento clasificatorio para os Xogos Olímpicos ou os Paraolímpicos) e publicalo nas redes sociais cunha ligazón ás redes da Concellaría de Deportes do Concello da Coruña.

12.4. En todo o caso, deberá cumprir co principio básico de proporcionalidade entre os diferentes patrocinios que teña a actividade. En caso de non cumprirse algunha destas obrigas poderá ser motivo de incoación de expediente de reintegro da subvención.

12.5. Deberá incluír no proxecto deportivo a proposta dos elementos que utilizará e na memoria final documentos gráficos para a súa xustificación.

12.6. A ou o deportista beneficiario da subvención municipal comprométese a comunicarlle ao Servizo de Deportes do Concello da Coruña, cunha antelación mínima dunha semana, a data, hora e lugar da competición principal que motiva a concesión da bolsa deportiva.

12.7. A persoa deportista beneficiaria da subvención municipal comprométese a que, no caso de que o Concello da Coruña a convoque de modo oficial a unha recepción ou acto institucional, acudir e participar neste.

13. DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA BOLSA

13.1 A repartición das bolsas farase até esgotar os créditos dispoñibles e de acordo coas categorías establecidas na base 6 desta convocatoria. É dicir:

1) Bolsas destinadas a participar nos próximos Xogos Olímpicos: 3 bolsas por un importe de 5.000 euros cada unha.

2) Bolsas destinadas a participar nos próximos Xogos Paraolímpicos: 3 bolsas por un importe de 5.000 euros cada unha.

3) Bolsas destinadas a participar en campionatos do mundo: 7 bolsas cun importe de 3.500,00 euros cada unha.

4) Bolsas destinadas a participar en campionatos de Europa: 6 bolsas cun importe de 2.500,00 euros cada unha.

5) Bolsas destinadas a participar en campionatos de España: 24 bolsas cun importe de 1.500,00 euros cada unha.

6) Bolsas destinadas a participar en campionatos autonómicos: 29 bolsas cun importe de 500,00 euros cada unha.

13.2 Cando existan varias persoas solicitantes para un mesmo tipo de bolsa, determinarase cales son as mellores candidatas en función dos criterios de puntuación establecidos na base 11 e outorgaráselle a bolsa polo importe indicado no punto 13.1.

13.3 A concesión de cada unha das bolsas deberá ser motivada e deberá estar comparada cos méritos do resto das candidaturas.

13.4 De non existir candidaturas con méritos suficientes para poder outorgar todas as bolsas e de acordo coa valoración previa da Mesa de Avaliación debidamente motivada, poderase acumular o crédito sobrante por bolsas non outorgadas e utilizalo para conceder máis bolsas nalgunha das categorías de competicións onde haxa máis candidaturas.



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

Neste caso, modificarase o importe e número de bolsas a conceder dentro desa categoría para tentar realizar unha repartición de diñeiro proporcional á puntuación obtida por cada candidatura.

En todo o caso, se houber igual puntuación entre as candidaturas, debe obterse o mesmo importe de bolsa.

14.- MESA DE AVALIACIÓN

14.1. As solicitudes de bolsas presentadas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola persoa que ocupe a Concellería delegada de Deportes, que estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e: Un ou unha funcionaria municipal pertencente aos subgrupos A1/A2 con adscrición ao Servizo de Deportes.
- Vogais: Dous ou dúas técnicas municipais pertencentes aos subgrupos A1/A2/C1 con adscrición ao Servizo de Deportes.
- Secretaria/o: Un ou unha funcionaria de carreira pertencente aos subgrupos A1/A2/C1/C2 con adscrición ao Servizo de Deportes.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, serán substituídas polas persoas funcionarias que designe quen ocupe a Concellería delegada de Deportes.

14.2. A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirirllas ás persoas solicitantes da bolsa a información ou documentación adicional aclaratoria que, ao non estar en poder da Administración municipal, teña relevancia fundamental e relación directa para unha valoración mellor das solicitudes.

15.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

15.1. A proposta de resolución provisional notificaráselles ás persoas interesadas mediante un anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- O taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- A páxina web municipal: www.coruna.es/deportes.

Tras esta notificación concederáselles ás persoas solicitantes un prazo de cinco días hábiles para presentaren alegacións.

15.2. Unha vez que se examinen as alegacións aducidas, o órgano competente formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante, ou a relación de solicitantes para quen se propón conceder a bolsa, e a súa contía, especificando a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual. O expediente de concesión da bolsa conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas.



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

15.3. A proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da persoa deportista beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

16.- RESOLUCIÓN DEFINITIVA

16.1. O acordo de resolución da convocatoria incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que cumpran coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de persoa beneficiaria.

16.2. Se renunciase á bolsa algunha das persoas beneficiarias, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión de bolsa á persoa solicitante ou solicitantes seguintes a aquela en orde de puntuación, sempre que coas renunciadas existentes se liberase crédito suficiente.

16.3. A proposta de resolución definitiva notificaráselles ás persoas interesadas que fosen propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 da LXS e os artigos 40, 41, 42 e 43 da LPACAP, para que no prazo de cinco días hábiles comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Unha vez que transcorra este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

Conforme co disposto no artigo 45.1. b) da LPACAP, a notificación poderá ser substituída pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e fornecerá os mesmos efectos.

16.4. O prazo máximo de resolución e notificación/publicación da concesión das bolsas é de 9 meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos interromperá este prazo, ao amparo do artigo 22.1 da LPACAP.

O vencemento deste prazo máximo sen notificar/publicar a resolución lexítima as persoas interesadas para entenderen desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da bolsa.

A concesión da bolsa non xera dereito ningún sobre a percepción desta nas convocatorias futuras.

17. RECURSOS PROCEDENTES CONTRA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra da dita resolución caberá a interposición dun recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar un recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para presentar o recurso contencioso-administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso.

No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (arts. 123 e 124 da LPACAP), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita ao prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do Tribunal Constitucional 52/2014, do 10 de abril).



18. ABOAMENTO DAS BOLSAS E XUSTIFICACIÓN

18.1. Dadas as características das persoas destinatarias das bolsas deportivas, a contía destas, así como a natureza das iniciativas obxecto de axuda, acordarase o pago anticipado da bolsa outorgada, que tramitará de oficio o órgano instrutor.

Neste caso deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da bolsa deportiva, que o Concello poderá realizar mediante a retención do pago da devandita porcentaxe. Unha vez que se xustifique debidamente e non exista responsabilidade por parte da persoa beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Para poder percibir o pago anticipado, a persoa deportista deberá acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello da Coruña e a Seguridade Social.

O pago realizarase mediante o ingreso na conta que indicase a persoa beneficiaria.

18.2. As persoas beneficiarias da bolsa deportiva están obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas, para o que deberán presentar a seguinte documentación xustificativa:

a. Certificación da federación deportiva correspondente que acredite os resultados obtidos no ano 2024.

b. Informe emitido polo club ao que pertence a persoa deportista onde conste a súa traxectoria, as actividades desenvolvidas no ano 2024 e as perspectivas de futuro.

c. Memoria, asinada pola persoa deportista, que describa a tempada realizada e os resultados obtidos, e que a actividade foi desenvolvida nas condicións recollidas no proxecto inicial presentado xunto coa solicitude que incluírá os resultados conseguidos a respecto dos propostos.

Na análise deberase indicar en que medida se executaron os gastos previstos para o ano 2024 e que deron lugar ao aproveitamento económico da bolsa obtida.

Neste documento a persoa bolseira deberá acreditar que cumpriu os obxectivos marcados nesta convocatoria.

Enténdese que se cumpriron os obxectivos cando a ou o deportista bolseiro acredite que cumpriu polo menos a metade dos obxectivos marcados no proxecto inicial, incluíndo tanto a asistencia ás competicións como a realización de adestramentos intensivos.

d. Documentación que acredite a publicidade realizada da axuda concedida polo Concello da Coruña nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).

Deberase facer constar no uniforme, material ou equipamento de competición o logotipo do Concello da Coruña, así como, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, se faga constar que a ou o deportista recibe unha axuda municipal e se insira o logotipo municipal, facendo mención a que a persoa deportista é beneficiaria dunha bolsa do Concello da Coruña.

Dado que no proxecto deportivo deberá constar un anexo específico no que reflecta o modo de cumprimento do compromiso de publicidade, no que se especifique o detalle con fotografías, bosquexos ou documentación gráfica específica, na memoria final deberá incluír un apartado



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

específico que xustifique o cumprimento deste compromiso coa documentación gráfica correspondente.

Será obrigatorio realizar un vídeo no lugar de competición onde se faga mención á bolsa deportiva concedida polo Concello da Coruña, publicala en redes sociais e poñer unha ligazón ás redes da Concellería de Deportes.

18.3. A documentación xustificativa da bolsa deportiva deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña, unha vez que se alcancen os obxectivos anuais establecidos no proxecto ou, en todo o caso, antes do 31 de xaneiro de 2025.

Toda a documentación xustificativa, incluídas as fotografías, deberá presentarse en formato PDF. Non se admitirá a documentación presentada en arquivos comprimidos, agás o vídeo que é obrigatorio realizar no lugar de competición, que poderá presentarse no formato que admita a sede electrónica do Concello da Coruña ou a través do enderezo electrónico uadeportes@coruna.gal. Esta excepción só se permite para o envío do vídeo, pois é obrigatorio presentar o resto de documentación dentro dos prazos establecidos a través da sede electrónica do Concello da Coruña en <https://sede.coruna.gal>.

18.4. Para valorar o cumprimento da finalidade básica da bolsa, terase en conta toda a documentación presentada que, no seu conxunto, acredite a consecución de polo menos a metade dos obxectivos marcados de acordo co proxecto inicial.

A falta de acreditación da consecución de polo menos a metade dos obxectivos marcados de acordo co proxecto inicial dará lugar á perda de toda a bolsa e por tanto, ao reintegro do importe percibido por anticipado xunto cos xuros de demora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

En todo o caso, a valoración de toda a documentación acreditativa do cumprimento de obxectivos realizarao a Mesa de Avaliación encargada de propoñer o outorgamento das bolsas e terá en conta a documentación presentada coa solicitude.

18.5. A documentación acreditativa da xustificación da bolsa deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>.

19. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN S

Unha vez que transcorre o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a persoa bolseira presente a documentación correspondente, a unidade xestora requiriráa para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación nese prazo suporá a perda do dereito á cobranza da bolsa outorgada e o reintegro do primeiro prazo percibido xunto cos xuros de demora correspondentes, sen prexuízo das responsabilidades previstas na LXS.

20. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

De acordo co establecido no artigo 14 da LXS e no artigo 34 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, as persoas beneficiarias das bolsas obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- Cumprir con todas as normas establecidas nos apartados anteriores.



CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

- Cumprir cos obxectivos marcados nesta convocatoria para poder percibir a bolsa. Enténdese que se cumpriron os obxectivos cando o deportista bolseiro acredite que cumpriu polo menos a metade dos obxectivos marcados no proxecto inicial, incluíndo tanto asistencia a competicións como a realización de adestramentos intensivos.
- Empregar os fondos percibidos nos fins para os que foron outorgados.
- Participar nas probas deportivas correspondentes á súa modalidade e categoría deportiva durante o ano 2024, agás no caso dos Xogos Olímpicos e os Paraolímpicos (onde deberá participar en probas clasificatorias), coa condición de que iso sexa posible.
- Levar o logotipo do Concello da Coruña no seu uniforme, material e/ou equipamento deportivo, nun lugar visible e de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus principais patrocinadores, así como, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, se faga constar que a persoa deportista recibe unha axuda municipal e coloque o logotipo municipal, facendo mención de que a persoa deportista é bolseira polo Concello da Coruña.
- Manterse de alta na federación correspondente durante o ano 2024.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- As demais obrigas impostas pola Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, pola LXS e polas demais normas reguladoras da materia.

21. RENUNCIA Á BOLSA E PERDA DO DEREITO Á COBRANZA

21.1. A renuncia á bolsa por parte da persoa beneficiaria, unha vez que se iniciou o disfrute dela, deberá ser comunicada a través de escrito presentado na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>.

A renuncia dará lugar á devolución dos importes recibidos, así como aos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pago da bolsa ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro, ou data na que a persoa debedora ingrese o importe correspondente, se é anterior a aquela, de acordo co establecido no art. 34.3 da LXS e no art. 31.5 da LSG.

21.2. Producirase a perda do dereito á cobranza da bolsa concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da LXS e o artigo 45 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña. Nos casos en que proceda, aplicarase o reintegro parcial coa porcentaxe de incumprimento que se establece no artigo 46 da dita ordenanza.

21.3. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia do xuro legal do diñeiro que resulte da aplicación desde o momento do aboamento da bolsa ata a data de reintegro, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento dos obxectivos, da actividade ou proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da bolsa.
- b) Incumprimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da LXS.
- c) No caso de xustificar fóra do prazo e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións.
- d) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da LXS.



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control previstas nos artigos 14 e 15 da LXS.
- f) Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da bolsa.
- g) Incumprimento da obriga de difusión establecida nas presentes bases, así como as medidas de publicidade contidas en proxecto deportivo valorado para o outorgamento da bolsa.
- h) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da LSG, nos artigos 74 a 76 do Regulamento xeral para a aplicación da citada lei e no artigo 45 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

21.4. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da LXS e os artigos 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

22. RECURSOS

As presentes bases e canto actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na LPACAP.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Será de aplicación en todo aquilo que non se regulou nestas bases a Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido na base 11.^a e base 10.^a.2.b) e c) das bases de execución do Orzamento municipal de 2022, prorrogadas para o exercicio 2023.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA.- INFORMACIÓN ÁS PERSOAS INTERESADAS

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal>, e de forma presencial no Servizo Municipal de Deportes, cuxas oficinas están situadas no Palacio dos Deportes de Riazor, ou no teléfono 981 189 800, a través da páxina web oficial municipal (<http://www.coruna.gal/deportes>), ou no enderezo electrónico uadeportes@coruna.gal.

SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello da Coruña, en calidade de responsable de tratamento, coa finalidade de xestionar as solicitudes, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, utilizaranse para xestionar a entrada de documentos ou comunicacións que se presenten, así como a saída de documentos oficiais e



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES

Asunto: Convocatoria de bolsas para deportistas 2024

Referencia: 211/2023/865

comunicacións, como a apertura dos expedientes administrativos). As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación supresión, limitación ou, no seu caso, oposición. Para estes efectos, deberá presentar un escrito acompañado de NIF no Rexistro de Entrada do Concello da Coruña, situado na praza de María Pita, 1, 15001 A Coruña, ou, de ser o caso, á persoa delegada da protección de datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Así mesmo, no caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Información dispoñible sobre o tratamento dos seus datos en (<https://coruna.gal/rat>).

TERCEIRA.- PUBLICIDADE DAS BOLSAS NO PORTAL DA TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as bolsas e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>.

A Coruña, na data de sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Deportes

Pablo Castedo López

O terceiro tenente de alcaldesa e concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade
(Acordo da XGL do 05/07/2023, BOP núm. 131 do 11/07/2023)

Gonzalo Henrique Castro Prado



Concello da Coruña

Concellaría de Deportes - Servizo de Deportes
Convocatoria de bolsas para deportistas individuais
Exercicio:

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA DEPORTISTA		
Nome e apelidos:	DI/NIE/Outros:	DATA nac.:
Enderezo	Localidade:	
Cód. postal:	Teléfono móbil:	Teléfono fixo:

REPRESENTANTE LEGAL (DEPORTISTAS MENORES DE EDAD)		
Nome e apelidos:	DI/NIE/Outros:	
Enderezo:	Localidade:	
Cód. postal:	Teléfono móbil:	Teléfono fixo:

Correo electrónico para comunicaci3n de trámite e requirimento de documentación:

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a solicitude de bolsa para a modalidade deportiva que se indica:

MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO DE BOLSA

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA	
Toda a documentación reseñada neste apartado ten carácter obligatorio . Marque a que achegue:	
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do DI o NIF da persoa deportista solicitante. No caso de deportistas solicitantes menores de idade tamén é obrigatorio achegar o DI ou NIF do representante legal.
<input type="checkbox"/>	Copia da licenza federativa vixente expedida pola Federación Deportiva correspondente acreditativa da modalidade deportiva para a que solicita subvención, así como das licencias federativas das dúas tempadas anteriores.
<input type="checkbox"/>	Certificado federativo acreditativo dos resultados deportivos obtidos durante as dúas últimas tempadas, con indicación da clasificación lograda en cada un dos campionatos de igual categoría para o que solicita a beca. Ademáis, se indicarán outros logros obtidos noutro tipo de campionatos o competicións (local, autonómica, provincial, nacional, europea, etc.).
<input type="checkbox"/>	Certificado acreditativo da Federación deportiva correspondente na que se acredite que o solicitante non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria o administrativa en materia deportiva, calificada como grave o moi grave
<input type="checkbox"/>	Historial deportivo, cos resultados obtidos por el/a deportista individual nas dúas últimas tempadas (2022 y 2023), o nos xogos olímpicos e paraolímpicos de 2016 e 2020, así como os resultados obtidos nas probas clasificatorias. Anexo I.
<input type="checkbox"/>	Proxecto deportivo para tempada 2024, con mención expresa e obligatoria das probas, campionatos e fases clasificatorias nos que a persoa deportista ten previsto participar durante o ano 2024. Anexo II.
<input type="checkbox"/>	Si non foi beneficiaria/o dunha beca no exercicio anterior, certificación dos datos bancarios da persoa beneficiaria da subvención (orixinal expedido pola entidade bancaria). IBAN conta bancaria:
<input type="checkbox"/>	Certificado de empadronamento.
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa do arraigo familiar.
Si a documentación xenérica xa consta neste Concello e non existe modificación ou transcurrido o seu prazo de validez (5 anos dende a finalización do procedemento a que corresponda), indique	
Data de entrega:	Servizo municipal ao que se entregou:

AUTORIZO de maneira expresa ao órgano xestor para a consulta de datos de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña. No caso de non outorgar esta autorización deberá achegalos xunto co resto da documentación.

AUTORIZO ao Concello a realizar notificacións ao meu enderezo de correo electrónico.

Os datos por Vd. facilitados serán tratados por o Concello da CORUÑA en calidade de Responsable de Tratamento, con a finalidade de xestionar a solicitude manifestada no presente documento, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, se utilizarán para xestionar a entrada de documentos o comunicación que se achegue ao Concello, de forma presencial ou electrónica, así como a saída de documentos oficiais e comunicación dirixidas a outros organismos o particulares, como a apertura dos expedientes administrativos que poideran xurdir). Vd. Poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, en su caso, Oposición. A estes efectos, deberá achegar un escrito acompañado de NIF no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, no seu caso, a noso Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Asimesmo, no de considerar vulnerado seu dereito á protección de datos persoais, poderá interponer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Ten disponible máis información do tratamento de seus datos en: (https://coruna.gal/rat).

CERTIFICO ante o órgano competente para a concesión da subvención:

1. Que se solicitaron as seguintes subvencións (procedentes de calquera Administración ou Entidade pública ou privada, nacional o internacional), para as seguintes actividades:

Actividade	Entidade á que se solicitou	Importe solicitado €	Importe concedido €
	Deputación da Coruña		
	Xunta de Galicia		

E comprométese a comunicar aquelas concedidas con data posterior a achega desta solicitude.

2. Que non está incurso/o en ningunha das prohibicións que para ser beneficiario se establecen no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e o 5 da Ordenanza Xeneral de Subvencións da Área de Benestar.

3. Que son certos todos os datos que constan na solicitude, así como na documentación adxunta e que a/el deportista solicitante; ten nacionalidade española, está federada/o en unha modalidade deportiva individual; está empadronada/o no Concello de A Coruña por un prazo mínimo de 2 anos, consecutivos ou non dentro dos 5 anos anteriores ao ano da solicitude; ten obxetivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, carece de fins de lucro no desenvolvemento das actividades, non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de A Coruña e está ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

4. Que se compromete a presentar a xustificación da beca concedida no prazo dun mes dende a data de finalización das actividades. No caso contrario, procederá ao reintegro da cantidade concedida no prazo outorgado a requirimento del Concello.

5. Que se compromete a levar no seu uniforme, material e/o equipación deportiva o logotipo do Concello da Coruña, nun lugar visible e de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus principais patrocinadores, así como, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, se faga constar que a/o deportista recibe una axuda municipal e colocando el logotipo municipal, facendo mención a que a persoa deportista está becada polo Concello de A Coruña.

En _____, de _____ de _____

Sinatura A/o deportista	Sinatura: Representante legal (si a/o deportista fose menor de idade)
	
Nome e apelidos	Nome e apelidos

Os datos por Vd. facilitados serán tratados por o Concello da CORUÑA en calidade de Responsable de Tratamento, con a finalidade de xestionar a solicitude manifestada no presente documento, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, se utilizarán para xestionar a entrada de documentos ou comunicación que se achegue ao Concello, de forma presencial ou electrónica, así como a saída de documentos oficiais e comunicación dirixidas a outros organismos ou particulares, como a apertura dos expedientes administrativos que poideran xurdir). Vd. Poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, en su caso, Oposición. A estes efectos, deberá achegar un escrito acompañado de NIF no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, no seu caso, a noso Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Asimesmo, no de considerar vulnerado seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpor unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Ten disponible máis información do tratamento de seus datos en: (<https://coruna.gal/rat>).



Concello da Coruña

Concellaría de Deportes - Servizo de Deportes
Convocatoria de bolsas para deportistas individuais
Exercicio:

ANEXO I
HISTORIAL DEPORTIVO

DATOS DA PERSOA DEPORTISTA	
Nome e apelidos:	NIF:

HISTORIAL DEPORTIVO (Total máximo 40 puntos)		2022	2023
1. Mellor proba na que se obtivese o mellor resultado (Medalleiro / Posto / Clasificación). So se valorará unha proba cada ano. A puntuación non será acumulativa en ningún caso (Máximo 20 puntos)		Ata 10 puntos	Ata 10 puntos
Proba e data (entre 2022 e 2023)	Competición:	Data:	Data:
ORO (10 puntos cada ano)			
PRATA (7,5 puntos cada ano)			
BRONCE (5 puntos cada ano)			
Entre o 4º e 10 posto (2 puntos cada ano)			
Desde o 11º posto en adiante (so puntuable nas bolsas correspondentes aos XXOO, XXPL, Mundial, Europeo) (1 punto cada ano)			
2. Obtención de resultado clasificatorio: valorarase unicamente a proba indicada na que se obtivera o mellor resultado: - Indicar a competición clasificatoria e data, entre os anos 2022 e 2023 (Máximo 15 puntos).		Ata 7,5 puntos	Ata 7,5 puntos
Proba e data:	Competición:	Data:	Data:
ORO (7,5 puntos cada ano)			
PRATA (5 puntos cada ano)			
BRONCE (4 puntos cada ano)			
Entre o 4º e 10 posto (2 puntos cada ano)			
Desde o 11º posto en adiante (so puntuable nas bolsas correspondentes aos XXOO, XXPL, Mundial, Europeo) (1 punto cada ano)			
3. Ter a consideración durante a temporada de “deportista galego de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel”: Para a valoración deste apartado é obligatoria a presentación dun documento acreditativo de que a persoa deportista ten a consideración de deportista galego de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel (5 puntos)		Sí ten a consideración de deportista de alto nivel NON ten a consideración de deportista de alto nivel	

En _____, de _____ de _____

Sinatura
A/o deportista

Nombre y apellidos

Sinatura: Representante legal
(se a/o deportista fose menor de idade)

Nombre y apellidos



Concello da Coruña

Concellaría de Deportes - Servizo de Deportes
Convocatoria de bolsas para deportistas individuais
Exercicio:

ANEXO II
PROXECTO DEPORTIVO

DATOS DA PERSOA DEPORTISTA

Nome e apelidos:

NIF:

1. Identificación da bolsa solicitada (clasificación da modalidade, especialidade e proba deportiva, rangos de clasificación, categorías, nivel deportivo e outros aspectos identificativos da proba para a que opta á bolsa):

2. Obxectivos concretos da persoa deportista (ámbito competitivo territorial, medalleiro, diploma, participación marca/tempo/puntuación ou outros). Enumere os obxectivos:

3. Cronograma de adestramentos (debe indicarse pretemporada, adestramento-competición, posta a punto e outros sistemas de periodización):

4. Calendario de probas selectivas / clasificatorias previstas (achegarase calendario con todas as probas / competicións nas que ten previsto participar):

5. Progresión (méritos ou medalleiro ou melloras de marcas / puntuacións / tempos conseguidos nos dous últimos anos):

6. Publicidade (modo de cumprimento do compromiso de imaxe corporativa do Concello da Coruña, no que se especifique o detalle con fotografías, bosquejos ou documentación gráfica específica):

En

,

de

de

Sinatura
A/o deportista

Sinatura: Representante legal
(se a/o deportista fose menor de idade)

Nome e apelidos

Nome e apelidos



Concello da Coruña

Concellaría de Deportes - Servizo de Deportes
Convocatoria de bolsas para deportistas individuais
Exercicio:

XUSTIFICACIÓN

DATOS DA PERSOA DEPORTISTA		
Nome e apelidos:	DI/NIE/Outros:	Data nac.:
Enderezo		Localidade:
Cód. postal:	Teléfono móbil:	Teléfono fixo:

REPRESENTANTE LEGAL (DEPORTISTAS MENORES DE EDAD)		
Nome e apelidos:	DI/NIE/Outros:	
Enderezo		Localidade:
Cód. postal:	Teléfono móbil:	Teléfono fixo:

Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimentos de documentación:
--

ACHEGA a documentación esixida nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións , a efectos de xustificación da subvención concedida neste exercicio para a actividade que se indica , e **FAI CONSTAR que NON tivo outras axudas , nin ten pendente de resolución ningunha solicitude ante outra entidade pública ou privada , en caso contrario deberá achegar a preceptiva certificación actualizada sobre tales axudas.**

Modalidade deportiva	Tipo de bolsa concedida	Importe da bolsa

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE SE ADXUNTA	
<p>Toda a documentación reseñada neste apartado ten carácter obrigatorio. Marque a que achegue:</p>	
<input type="checkbox"/>	Certificado da federación deportiva correspondente acreditativa dos resultados obtidos durante o ano 2024, indicando as datas, lugares e nivel da competición.
<input type="checkbox"/>	Informe emitido polo club ao que pertence a persoa deportista, onde conste a traxectoria do deportista, actividades desenvolvidas no ano 2024 e a traxectoria de futuro.
<input type="checkbox"/>	Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos e que a actividade foi desenvolva nas condicións recollidas no proxecto inicial presentado polo/a deportista para solicitar a bolsa que incluírá os resultados conseguidos con respecto aos propostos.
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da publicidade realizada da axuda concedida polo Concello da Coruña nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).

En _____ , de _____ de _____

Sinatura
A/o deportista

Sinatura: Representante legal
(se a/o deportista fose menor de idade)

Nome e apelidos

Nome e apelidos

Os datos por Vd. facilitados serán tratados por o Concello da CORUÑA en calidade de Responsable de Tratamento , con a finalidade de xestionar a solicitude manifestada no presente documento , dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente , se utilizarán para xestionar a entrada de documentos o comunicación que se achegue ao Concello , de forma presencial ou electrónica , así como a saída de documentos oficiais e comunicación dirixidas a outros organismos o particulares , como a apertura dos expedientes administrativos que poideran xurdir). Vd. Poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación , Supresión , Limitación ou, en su caso, Oposición . A estes efectos, deberá achegar un escrito acompañado de NIF no Rexistro de Entrada do Concello : Praza de María Pita , 1. 15001 , A Coruña ou, no seu caso , a noso Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos @coruna.gal. Asimesmo, no de considerar vulnerado seu dereito á protección de datos persoais, poderá interponer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Ten dispoñible máis información do tratamento de seus datos en: (https://coruna.gal/rat).



Concello da Coruña

Concellaría de Deportes - Servizo de Deportes
Convocatoria de bolsas para deportistas individuais
Exercicio:

CERTIFICACIÓN ACTUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS E DEMAIS INGRESOS XERADOS PARA A MESMA FINALIDADE E ACTIVIDADE

DATOS DA PERSOA DEPORTISTA

Nome e apelidos: _____ DI/NIE/Outros: _____

REPRESENTANTE LEGAL (DEPORTISTAS MENORES DE IDADE)

Nome e apelidos: _____ DI/NIE/Outros: _____

En calidade de INTERESADA/O e en relación coa CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DA CORUÑA DESTE EXERCICIO;

CERTIFICA:

Que en relación con outras axudas o subvencións concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para o desenvolvemento dos proxectos/actividades subvencionables solicitadas por esta/e deportista para esta convocatoria, cuxos datos se indican no cadro seguinte, e procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta convocatoria, son as seguintes:

Actividade/Proxecto, obxeto da solicitude de bolsa	Importe Axuda ou subvención	S/C/P (1)	Administración ou entidade pública concedente e normativa reguladora (2)
1:			
2:			
3:			

(*) Importes en euros.

(1) Indique o que corresponda: [S] Solicitada, [C] Concedida ou [P] Percibida

(2) Indicar a data de publicación da normativa reguladora da axuda ou subvención no diario ou boletín oficial.

E comprométese a comunicar aquelas concedidas e/ou percibidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que conste e produza os efectos consecuentes, expide a presente certificación no lugar e data que se indican a continuación.

En _____, de _____ de _____

Sinatura:
A/o deportista

Nome e apelidos

Sinatura: Representante legal
(se a/o deportista fose menor de idade)

Nome e apelidos